



# **GLOSARIO**



## 1.- GLOSARIO PROVOCADORES DO LUME

### **Neglixentes**

Persoas que provocan lume cando a súa acción non chega á cualificación penal de imprudencia grave. Trátase normalmente por vía administrativa se é fóra da época de máximo perigo.

### **Imprudentes**

Persoas que provocan lume concorrendo os seguintes requisitos:

- actuación ou omisión voluntaria non maliciosa,
- infracción do deber de coidado,
- creación dun risco previsible e evitable, e
- danos como resultado derivado de conduta descoidada.

A adopción dalgunhas precaucións por parte de quen provoca o lume pode determinar que a imprudencia sexa cualificada como leve e non grave. Por suposto, o ilícito administrativo e o ilícito penal teñen a súa propia vía xurisdiccional, xunto coa prevalencia procedemental correspondente.

### **Incendiaris**

Persoas que provocan lume con motivación maliciosa de facer dano ou acadar un beneficio de natureza material ou psicolóxica. Existen múltiples motivacións clasificadas.

### **Pirómanos**

Persoas que provocan lumes impulsados por unha obsesión por este derivada dunha patoloxía psiquiátrica diagnosticada (existe a dúbida da cualificación do diminuído psíquico que provoca lume pero non é pirómano en sentido estrito).

NOTA: Desde o punto de vista penal, **neglixencia** e **imprudencia** son equivalentes, e só a imprudencia grave é obxecto de procedemento penal (neglixencia grave = imprudencia grave). O procedemento sancionador administrativo éelles aplicado ás neglixencias ou imprudencias leves.

*Fonte: Comisión do Debate sobre Cuestións Ecolóxicas e Silvícolas.*



## **2.- GLOSARIO DE ECOLOXÍA E SILVICULTURA**

### **Área de devasa**

Trátase dunha superficie relativamente ancha en que se modifica a vexetación natural, densa e moi inflamable, para acadar outra vexetación de menor fitomasa ou menos inflamable co fin de deter os lumes ou poder controlalos máis doadamente, servindo de base para liñas de defensa. A área pode construírse tamén eliminando toda a vexetación ata o solo mineral. DGB.

### **Bosque**

Ecosistema dentro do monte arborado constituído por unha estrutura de árbores, arbustos e outros vexetais en que domina o estrato arbóreo cunhas condicións microclimáticas no seu seo diferentes das reinantes no contorno e cunha actividade funcional nada, escasa ou moderadamente influída polo ser humano. O normal é que teña unha orixe natural, pero, cando é artificial, cómpre un lapso de tempo considerable para que se poida formar un bosque en sentido estrito. MGC

### **Contralume**

Lume que se xera desde a marxe das liñas de defensa construídas: áreas de devasa, franxas auxiliares, pistas forestais, etc., para frear deste xeito o avance do incendio forestal por eliminación de combustible. Cómpre cumprir estritas normas de seguridade e predicir o comportamento do lume en función do tipo de vexetación, da topografía e das condicións meteorolóxicas. DGB.

### **Corta**

Operación silvícola de derrubamento de árbores que ten como finalidade mellorar a masa ou procurar a súa rexeneración.

### **Devesa natural**

Zona formada por unha masa arbórea madura composta por especies frondosas caducifolias rodeada por outras especies de maior potencial pirofítico, así como as pradarias naturais ou artificiais presentes no monte.

### **Especie autóctona**

(Ecol.) Especie orixinaria do lugar en que se atopa. Aplícase tanto a vexetais como a animais. Sín.: indíxena, espontánea. DF



**Especie alóctona ou exótica**

Especie orixinaria dun lugar distinto do país ou localidade considerado.

**Especie pirófito**

En sentido vulgar, é a especie de planta que resulta beneficiada polo lume (isto implica que reabrolla e/ou xermina intensamente tras un incendio). En sentido científico, é a especie de planta cuxa xerminación resulta estimulada polo lume directa ou indirectamente (EC Medit)

**Faixa auxiliar de pista**

Faixa de anchura xeralmente fixa aos lados dunha estrada, camiño ou pista, na que se poda o arborado e se roza o mato. DGB.

**Faixa de devasa:**

Faixa de anchura fixa en que se elimina a vexetación ata o solo mineral. DGB.

**Forestación**

Repoboación, mediante sementeira ou plantación, dun terreo que era agrícola ou estaba dedicado a outros usos non forestais.

**Modelos de combustible**

Diferentes tipos de vexetación clasificados e normalizados para o estudo e predición do comportamento do lume en cada un deles.

**Monte alto**

(Silv.) Masa arbórea nacida de semente. Tamén o terreo ocupado por unha masa destas características. DF

**Monte baixo**

(Silv.) Masa arbórea composta por pés procedentes de abrollos de cepa e/ou de raíz. DF

**Monte arborado**

(Dason.) Terreo con arborado cunha fracción de cabida cuberta superior ao 20%. DF

**Mato**

Ecosistema dominado por especies arbustivas.



### **(A) monte**

Expresión que se refire a un espazo pouco intervido, procedente do abandono cultural e ocupado de forma natural por especies forestais.

### **Monte**

(Silv.) Superficie utilizada para producir madeira e outros produtos forestais ou que se mantén con vexetación leñosa para obter beneficios indirectos ecolóxicos, culturais ou de recreación. Terreo non dedicado á agricultura cuberto de árbores, arbustos, matas ou herbas. DF

### **Monte ou terreo forestal**

Terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de mato ou herbáceas, espontaneamente ou procedentes de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas. Teñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos descritos no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Non terán a consideración de monte ou terreo forestal aqueles dedicados ao cultivo agrícola, o solo urbano, os núcleos rurais e o solo urbanizable delimitado, incluíndo a canle e a zona de dominio público hidráulico destes solos, e aqueloutros excluídos pola normativa vixente, así como os terreos rústicos de protección agropecuaria.

### **Poboación autóctona**

(Mej. Genét.) Poboación que foi continuamente rexenerada mediante rexeneración natural. O rodal pode rexenerarse con material de reprodución recollido na mesma poboación ou en poboacións autóctonas próximas. DF

### **Queima prescrita ou controlada**

Queima que se realiza avaliada e asinada por un técnico forestal experto en lume controlado e aprobada polo xestor responsable do monte. Habrá tamén un responsable do control do lume. O rango aceptable das condicións ambientais (vento, humidade da vexetación, humidade relativa) fixarán a época da realización da queima, de xeito que o lume cumpra os obxectivos sen prexuízo da seguridade. DGB

### **Reforestación**

Reintrodución de especies forestais, por medio de sementeira ou plantación, en terreos que xa estiveron poboados forestalmente ata épocas



recentes pero quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.

### **Rexeneración**

(Silv.) Renovación dunha masa arbórea por calquera procedemento. Tamén, a masa así creada. DF

### **Rexeneración natural**

(Ecol.) Recuperación da vexetación (arbórea, arbustiva ou herbácea) sen intervención humana.

### **Repoboación forestal**

Introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación.

### **Restauración**

(Ecol. conserv.) Proceso de reconstrución dun ecosistema perturbado ao seu estado inicial. Aplícase o termo a todo tipo de ecosistemas.

### **Superficie arborada**

Superficie composta por especies arbóreas cunha fracción de cabida cuberta maior ou igual ao 20%.

### **Superficie de monte raso**

Superficie composta por matogueira, monte aberto con fracción de cabida cuberta menor do 20% ou vexetación herbácea.

### **Tempo de rexeneración:**

(Ecol.) Tempo que tarda a vexetación en alcanzar o seu estado inicial, anterior á perturbación. En matos mediterráneos e atlánticos o tempo de rexeneración das comunidades vexetais e animais é duns 8-10 anos. O tempo é menor no caso de tratarse de ecosistemas xa degradados.

### **Calidades que se rexeneran**

(Ecol.) Estrutura, altura, cobertura, dominancias, diversidade específica, superposición, estratificación da vexetación. Ciclos de materia e enerxía, interaccións, estrutura trófica e funcionamento do ecosistema.



## **TERMOS A ELIMINAR**

### **Limpeza do monte**

Substituír por desbroce, roza

### **Maleza**

Substituír por matogueira, monte raso, mato

## **BIBLIOGRAFÍA**

*DF: Sociedad Española de Ciencias Forestales. 2005. Diccionario Forestal. Ed. Mundi-Prensa. Madrid.*

*EC Medit: Análise funcional. C.S.I.C.- AEET. Madrid 2001*

*MGC: Xunta de Galicia. 2001. O Monte Galego en Cifras. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia*

*DGB: Dirección General para la Biodiversidad. Ministerio de Medio Ambiente. Madrid 2006.*



### **3.- GLOSARIO RELATIVO AOS LUMES FORESTAIS**

#### **Base de helicópteros**

Instalación permanente ou semipermanente que serve de heliporto, dotada con servizos de apoio ao helicóptero e persoal.

#### **BIIF**

Brigada de Investigación sobre incendios forestais, formada por axentes forestais especialistas na investigación da causalidade dos incendios.

#### **Brigada de extinción**

Brigada composta por un capataz e seis peóns que actúan directamente contra o lume con ferramentas manuais ou tendidos de mangueras ou indirectamente mediante traballos na liña de defensa. Trasládanse xeralmente en vehículos todo terreo.

#### **Brigada de helicóptero**

Brigada que se traslada xeralmente en helicóptero e que actúa na extinción contra o lume con ferramentas manuais, tendidos de mangueras ou calquera outra técnica de extinción directa ou indirecta.

#### **Cartografía oficial**

Cartografía realizada con suxeición ás prescricións da Lei 7/1986, de ordenación da cartografía, polas administracións públicas ou baixo a súa dirección e control.

#### **Centro de coordinación e control**

Posto de mando central, provincial ou de distrito desde o que se dirixen e coordinan as accións da defensa contra incendios.

#### **Conato**

Lume cuxa superficie queimada, arborada máis rasa, é menor ou igual a 1 ha, sempre que a arborada queimada non supere as 0,5 ha. Se afecta só a superficie rasa, é menor ou igual a 1 ha.

#### **Conductor de vehículos de defensa contra incendios forestais**

Persoal que ten como misión principal conducir as motobombas e demais vehículos do servizo.



### **Corta**

Operación silvícola de derrubamento de árbores que ten como finalidade mellorar a masa ou procurar a súa rexeneración.

### **Devesa natural**

Zona formada por unha masa arbórea madura composta por especies frondosas caducifolias rodeada por outras especies de maior potencial pirofítico, así como as pradarias naturais ou artificiais presentes no monte.

### **Director de extinción**

Profesional encargado das operacións de extinción do incendio cos medios asignados.

### **Emisorista de defensa contra incendios forestais**

Persoal que está a cargo, entre outras tarefas, do sistema de comunicacións utilizado polo servizo.

### **Época de alto risco de incendios forestais**

Son aqueles períodos, segundo declaración da dirección xeral competente en materia forestal, en que as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agravan o risco de incendio.

### **Forestación**

Repoboación, mediante sementeira ou plantación, dun terreo que era agrícola ou estaba dedicado a outros usos non forestais.

### **GLPA**

Grupo Local de Pronto Auxilio. Está composto por seis persoas do voluntariado de Protección Civil.

### **GRUMIR**

Grupo Municipal de Intervención Rápida, estable e profesionalizado, composto por tres membros e vinculado coa existencia dunha estrutura renovable formada por doce persoas. É dicir, conta cun total de quince persoas e un camión motobomba.

### **Incendio forestal**

Incendio en que a superficie arborada queimada supera as 0,5 ha ou ben, sendo inferior a 0,5 ha, a suma coa rasa supera 1 ha.



### **Índices de risco**

Valores indicativos do risco de incendio forestal nunha zona.

### **INFOGA**

Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia, elaborado cada ano pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellaría do Medio Rural.

### **Lume activo**

Combustión de material vexetal que arde con presenza de lapas.

### **Lume controlado**

Considérase un lume controlado cando xa se logrou illalo e se detivo o seu avance e propagación.

### **Lume extinguido**

Situación en que xa non existen materiais de ignición no perímetro do incendio nin é posible a súa reprodución.

### **Lume forestal**

Lume que se estende sen control sobre terreo forestal, afectando a vexetación que non estaba destinada a arder e que, segundo o tipo de vexetación e superficie queimada, se clasifica en: incendio, conato ou queima de matogueira.

### **Mecánico de maquinaria de incendios**

Persoal en posesión de coñecementos de mecánica que se ocupa do mantemento dos medios de extinción.

### **Mobilización**

Conxunto de operacións ou tarefas para a posta en actividade de medios, recursos e servizos para a loita contra incendios forestais.

### **Modelos de combustible**

Diferentes tipos de vexetación clasificados e normalizados para o estudo e predición do comportamento do lume en cada un deles.

### **Monte ou terreo forestal**

Terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, espontaneamente ou procedentes de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas. Teñen tamén



a consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos descritos no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Non terán a consideración de monte ou terreo forestal os terreos dedicados ao cultivo agrícola, o solo urbano, os núcleos rurais e o solo urbanizable delimitado, incluíndo a canle e a zona de dominio público hidráulico destes solos, e aqueles outros excluídos pola normativa vixente, así como os terreos rústicos de protección agropecuaria.

### **Núcleo de reserva**

Conxunto de helicópteros, brigadas, vehículos todo terreo e maquinaria pesada dispostos para actuar cando sexan necesarios.

### **Operador-codificador de defensa contra incendios forestais**

Persoal que manexa os medios materiais das oficinas dos servizos de defensa contra incendios forestais para o tratamento da información.

### **Patrulla de vixilancia móbil**

Patrulla composta por unha ou máis persoas que percorren sobre un vehículo todo terreo (VTT) unha zona en misión de detección de lumes e, se é o caso, inicia o primeiro ataque na extinción.

### **Peón condutor de defensa contra incendios forestais**

Persoal vinculado ás funcións de defensa contra incendios forestais que conduce vehículos dedicados ao transporte das brigadas e materiais do servizo. Substituirá o xefe da brigada en caso de ausencia.

### **Peón de defensa contra incendios forestais**

Persoal que realiza traballos vinculados ás funcións de prevención e defensa contra incendios forestais, como limpeza de montes, apertura de camiños e extinción.

### **Plans de prevención e defensa**

Documentos en que se determina o conxunto de medidas de vixilancia, prevención e extinción aplicables a zonas ameazadas por incendios forestais e que son redactados baixo as directrices do plan INFOGA pola consellaría competente en materia forestal ou, se é o caso, da lexislación correspondente en materia de protección civil polos concellos que correspondan.

### **Posto de mando avanzado**

Posto de dirección técnica dos traballos de control e de extinción dun incendio situado nas proximidades deste.



### **Posto fixo de vixilancia**

Torre de observación activada cun vixía.

### **Queima de matogueira**

Lume forestal en que só se queima superficie rasa e esta supera 1 ha.

### **Queimas controladas**

Queimas de matogueira para o control e limpeza de combustible vexetal, levadas a cabo con criterios de idoneidade técnica para o seu efectivo control por parte do SPDCIF.

### **Rede de observación e detección**

Rede formada polos postos fixos de vixilancia e as patrullas móbiles.

### **Rede de transmisións**

Rede composta pola rede de radio e a rede de ordenadores e fax que permite o enlace entre os centros de coordinación, as bases, os postos fixos e móbiles de vixilancia, as brigadas e vehículos motobomba e, en xeral, de canto elemento intervéñen na defensa contra incendios.

### **Reforestación**

Reintrodución de especies forestais, por medio de sementeira ou plantación, en terreos que xa estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes pero quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.

### **Repoboación forestal**

Introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación.

### **Restos capaces de producir un risco de incendio**

Aqueles materiais de fácil combustión e elevada inflamabilidade que poidan orixinar ou facilitar a propagación dun incendio forestal, tales como leña, pólas, cortizas ou similares que se xeran logo do aproveitamento das masas forestais.

### **Risco de incendio**

Probabilidade de que se produza un lume nunha zona nun intervalo de tempo determinado.



**Superficie arborada**

Superficie composta por especies arbóreas cunha fracción de cabida cuberta maior ou igual ao 20%.

**Superficie de monte raso**

Superficie composta por matogueira, monte aberto cunha fracción de cabida cuberta menor do 20% ou vexetación herbácea.

**Técnico de defensa contra incendios forestais**

Persoal que, estando en posesión da correspondente titulación, realiza as funcións asociadas a esta.

**Técnico de garda**

Persoal á que lle corresponde dirixir as accións de extinción no seu ámbito territorial cando se establezan gardas e quendas. Ten a obriga de informar o xefe de garda das novidades acontecidas.

**Vehículo motobomba**

Vehículo todo terreo equipado con cisterna e bomba de auga. Actúa utilizando auga ou auga con retardante a presión.

**Vixilante fixo de defensa contra incendios forestais**

Persoal que se ocupa da vixilancia de incendios desde puntos fixos predeterminados.

**Xefe de brigada de defensa contra incendios forestais**

Persoal con coñecementos completos dos traballos e obras que cómpre realizar, que ten ao seu cargo de xeito persoal e directo a vixilancia e execución das tarefas de prevención e extinción de incendios forestais.

*Fonte: Consellaría do Medio Rural. Santiago 2006.*



## **A.- CLASIFICACIÓN DOS LUMES FORESTAIS SEGUNDO A SÚA GRAVIDADE**

Os niveis de gravidade clasifícanse de acordo coa seguinte escala:

**Nivel 0:** poden ser controlados cos medios de extinción previstos e, aínda na súa evolución máis desfavorable, non supoñen perigo para persoas non relacionadas cos labores de extinción nin para bens distintos dos da natureza forestal.

**Nivel 1:** poden ser controlados cos medios de extinción previstos no plan da Comunidade Autónoma e inclúen a previsión, pola súa posible evolución, da necesidade de posta en práctica de medidas para a protección das persoas non relacionadas coa extinción e dos bens distintos dos da natureza forestal que se poidan ver ameazados polo lume.

**Nivel 2:** na súa extinción está prevista a necesidade de que, por solicitude do órgano competente da Comunidade Autónoma, sexan incorporados medios estatais non asignados ao plan da Comunidade Autónoma, ou poidan comportar situacións de emerxencia que deriven cara ao interese estatal.

Para a declaración do nivel 2, considéranse dúas situacións:


- 2.R-0 (relacionado co nivel 0). Se nun nivel 0 son necesarios medios non previstos no plan, pero só están en perigo bens forestais, pásase directamente a nivel 2.
- 2.R-1 (relacionado co nivel 1). Se, estando no nivel 1, se precisan medios non previstos no plan.

**Nivel 3:** referido a aqueles incendios que pola súa especial gravidade así sexan declarados polo ministro do Interior.

*Fonte: Consellería do Medio Rural. Santiago 2006.*



## B.- CLASIFICACIÓN DOS LUMES SEGUNDO A SUPERFICIE QUEIMADA



Fonte: Consellería do Medio Rural. Santiago 2006.